TAXI TEHERÁN

Título orixinal ***Taxi*** Ano **2015** Duración **82'** Idioma **Persa**
Dirección, guión, fotografía, montaxe e produción **Jafar Panahi**
Interveñen **Jafar Panahi, Hana Saeidi, Nasrin Sotudé**
Distribución **Wanda Visión**

Un taxi percorre as vibrantes e coloridas rúas de Teherán. A súa clientela, moi diversa, entra no taxi e expresa abertamente a súa opinión mentres é entrevistada polo condutor, que non é outro có director do filme, Jafar Panahi. A súa cámara, colocada no cadro de mandos do vehículo, captura o espírito da sociedade iraniana a través dos percorridos que realiza.

☞ Premio Fipresci e Oso de Ouro á Mellor Longametraxe no Festival de Berlín 2015.

NOVEMBRO: AKIRA KUROSAWA e JAFAR PANAHI

MARTES 12.11.2019 ***TRONO DE SANGUE*** (Akira Kurosawa, 1957, Xapón)
LUNS 25.11.2019 ***TRES CARAS*** (Jafar Panahi, 2018, Irán)*
MARTES 26.11.2019 ***O INFERNO DO ODIO*** (Akira Kurosawa, 1962, Xapón)
*A programación dos luns realízase en colaboración co CGAI-Filmoteca de Galicia.

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CGAI CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · CONCELLO DE PONTEVEDRA · XUNTA DE GALICIA

Sesións de Filmoteca #14
11.11.2019

TAXI TEHERÁN

JAFAR PANAHI

CINECLUBE PONTEVEDRA
CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE-FILMOTECA DE GALICIA

ISTO É UN FILME Carlos Reviriego

O chofer clandestino. O vehículo é unha prisión. Igual cás casas de *Isto non é un filme* (*In film nist*, 2011) e *Cortina fechada* (*Pardé*, 2013), en que Jafar Panahi verteu imaxinación e vida para as entrelazar na reinvención do cinema, o do enclaustramento forzado dende 2010: sentenciado pola xustiza iraniana a vinte anos sen poder exercer o seu oficio. O iraniano retrátase no encerro. Pode efectivamente estar «detido» —encarcerado, silenciado, parado—, mais sempre estará en movemento. Velaí a perfecta metáfora do cineasta a quen o réxime integrista do seu país quere enmudecer, o artista que atopa na impostura —non son un director de cinema, senón un taxista— o método de circunvalar a lei opresora e practicar a desobediencia.

Así que Panahi fixa dúas pequenas cámaras con rotación de 360 graos dentro do taxi e transfórmao nun estudio ambulante —coma en *Isto non é un filme* proxectaba na alfombra do salón a posta en escena do guión que non podía filmar—, e así converte potencialmente toda a poboación de Teherán en estrela do seu filme. É do seu país e mais das súas xentes, da súa traxedia e comedia, do que quere falar. O artista, cando menos o verdadeiro, atopa o xeito de falar baixo calquera circunstancia. E panahi faino baixo as narices do Goberno, en plena rúa.

A gran distancia que separa esta terceira entrega do «encerro» das precedentes é que Panahi se despraza do espazo privado ao público. Con todo o que iso implica tanto en termos persoais coma fílmicos. As ideas amoréanse na mente do cineasta amordazado, que examinando a súa obra pretérita, realizada «en liberdade», toma pulo para realizar a súa obra futura, cuxa trascendencia no cinema contemporáneo non é só política, tamén ontolóxica. A última imaxe de *Cortina fechada* espéllase na primeira de *Taxi Teherán*, mais se naquela a visión do exterior a través do vidro era incompleta (uns barrotes de seguridade ocultaban parcialmente a paisaxe), aquí, asistindo a través do parabrisas á trasfega nas rúas da capital iraniana, é ampla e limpa.

A rosa no cadro de mandos. Agora Panahi salta ao abismo cun corazón máis leve e o ánimo menos abatido. O seu filme non será tanto un lamento máis ou menos desesperado coma unha carta de amor ao cinema e ao seu país. Na primeira parte do filme, retrátase cun *flaneur* sen rumbo nunha comedia de situacións, entendendo esta expresión dende o rigor literal e non coma un xénero cinematográfico. Na segunda parte, introduce unha reveladora metarreflexión sobre o seu propio traballo en connivencia coa súa pequena sobriña Hanna Saeidi, prometedora actriz e se cadra cineasta. E no subsolo de todo o filme axítase, persistentemente, a conciencia da persecución, do home acosado polas forzas invisibles que, finalmente, só serán visibles (e audibles) para a cámara, o espectador e unha rosa no cadro de mandos. A rosa, simbolicamente, que a avogada que axudou a Panahi cando estaba encarcerado (unha clienta máis do taxista) lle entrega ao espectador, á comunidade enteira do cinema, no intre máis emotivo do filme.

O argumento de *Taxi Teherán* é, se queremos, a liberdade. E para chegar até ela desafía as formas en que vida e arte coliden (ou se contaxian) ao tempo que revela o poder do cinema coma unha ferramenta política. O estilo, máis ben o dispositivo, remite decontado a *Ten* (2002), do seu mentor Abbas Kiarostami, se ben Panahi logo pon ao descuberto a construción do artificio —en que ficción e documental se neutralizan—, cando o terceiro cliente sobe ao taxi. Trátase dun personaxe memorable, propio dunha *situation comedy*, un camelo de filmes prohibidos que asegura que pode conseguir brutos de filmes en rodaxe —o cinema é clandestino— e que ao desenmascarar o director travestido en taxista colócase por enriba dun guión do que el mesmo é o personaxe máis novelesco, por real ou non que sexa. Instalámonos nunha ficción mais vivimos unha realidade. Non é acaso nese limbo onde traballa e vive o cineasta maniatado?

A sórdida realidade. O humor é transversal e o drama asoma en correntes inesperadas, amortecidas pola risa. O home que se desangra no asento de atrás, camiño do hospital, e grava o seu testamento no iPhone do director dá pé a unha hilarante chamada telefónica da muller do accidentado que certifica a escritura detrás da urxencia epidérmica. Dúas cámaras non semellan ser abondas en todo caso para recoller o movemento e a acumulación de clientela nesta viaxe por Teherán, cun Panahi ao volante que asiste entre paciente, resignado e divertido ao que acontece na súa cela sobre rodas, cun pé dentro e outro fóra do espectro humano que vai recollendo e soltando polo camiño, rodando practicamente en tempo real.

Cando fai aparición a sobriña do cineasta, a quen este recolle da escola, o dispositivo metafílmico transfigúrase organicamente nun estraño híbrido entre comedia, cinema político, denuncia social e ensaio visual. Vemos a vida e non unha reconstrución da vida, a pesar de que todo na pantalla é elaboración: o filme que filma Panahi e o que grava a súa sobriña, que fai ás veces dunha terceira cámara (un terceiro punto de vista) en *Taxi Teherán*. O que grava é para un proxecto do colexio, mais prohibíronlle mostrar unha «realidade sórdida». A nena pregúntalle a Panahi como se fai iso, e por que é tan inxusto. A sórdida realidade vampiriza entón o filme até o último plano, desasosegante mais esperanzador.

REVIRIEGO, CARLOS (Outubro, 2015). Esto no es una película. *Caimán. Cuadernos de Cine*, núm. 42, páx. 38, 39.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.